

ADAPTACIÓNS 3º TRIMESTRE CURSO 2019/20_ORDE EFP/365/2020

Centro: Conservatorio profesional municipal “Mestre Ibáñez”

Localidade: Monforte de Lemos.

Departamento: Linguaxe Musical.

Xefe de departamento: María Jesús Santalla López.

Materia: Educación auditiva e vocal.

Cuarto curso do Grao Elemental.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

Na aplicación dos criterios de avaliación e mínimos esixibles respectivamente terase en conta en todo momento que o grao de profundización e destreza/técnica requiridos estarán baseados soamente na primeira e segunda avaliación.

De ser posible, ampliarase a materia impartida có fin de reforzar, recuperar ou ampliar as aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado (nunca minorando a cualificación).

De ser necesario, tendo en conta as circunstancias anteriormente referidas, poderase incorporar, a través das correspondentes programacións didácticas do vindeiro curso, parte do currículo que non se puidese desenvolver.

- Reproducir vocalmente fragmentos melódico- rítmicos, escoitados con anterioridade.
- Realizar a entoación dos exercicios rítmicos e melódicos do libro “linguaxe musical rítmico IV”, a considerar polo profesor.
- Interpretación de cancións a dúas, e tres voces, tamén de diferentes épocas estilos musicais.
- Dictados rítmicos , melódicos, e ritmico-melódicos: vocales e escritos.
- Entonación das leccións do libro” lenguaje musical melódico IV” Ed. Si bemol

MÍNIMOS ESIXIBLES.

- Asistencia ás clases
- Participación do alumno e consecución dos obxectivos a través das diferentes actividades a desenvolver durante todo o curso.
- Entoar leccións rítmicas e melódicas do libro “lenguaxe musical melódico IV”. Ed. Si bemol.
- Realizar exercicios rítmicos e melódicos do libro “lenguaxe musical rítmico IV”, a considerar polo profesor.
- Recoñecer as diferentes notas musicais, traballando tamén os intervalos, mediante dictados musicais.
- Acadar unha entonación de fragmentos e obras musicais, axeitada no que se refire á afinación e respiración.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Tipos de avaliación que empregaremos durante este trimestre:

Avaliación Continua: Levarase a cabo de maneira integral, valorando a reforzo e recuperación dos dous primeiros trimestres, así como a ampliación das aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo real decreto 463/2020, sempre e cando se beneficie ao alumnado.

O procedemento da avaliación valorará mediante distintos medios telemáticos e técnicas audiovisuais (envío e recepción de audio/video), probas escritas, probas orais, traballos, etc... as aprendizaxes do/a alumno/a, deixando constancia dos resultados obtidos empregando o procedemento ordinario (ficha de seguimento do alumnado) e nunca minorando a cualificación.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

En base ás actividades realizadas por vía telemática logo da declaración do estado de alarma, incluídas nos criterios de avaliación, mínimos esixibles e procedementos e instrumentos de avaliación establecidos na presente programación; valoraranse os distintos criterios coa seguinte ponderación, sempre e cando non se minore a cualificación da 2ª avaliación:

- Realización dun dictado rítmico-melódico traballado durante o curso (40%).
- Entoación dun fragmento musical ou ben leccións de entonación do libro "lenguaje musical melódico IV" Ed. Si bemol (40%)
- Actitude e participación nas clases online(20%).

PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO.

O alumnado que non acade unha cualificación positiva (puntuación de 5 ou superior) na avaliación final ordinaria terá dereito á realización dunha proba que será nos primeiros días do mes de setembro, nas datas fixadas pola dirección do centro educativo e á que será convocado coa debida antelación.

A devandita proba extraordinaria consistirá nunha interpretación práctica no instrumento baseada nos criterios de avaliación e mínimos esixibles reflectidos na presente programación.

Os criterios de cualificación que se aplicarán son os que seguen:

- Dictados rítmicos , melódicos, e rítmico-melódicos: vocales e escritos: 40%
- Entonación das leccións do libro "lenguaje musical melódico IV" Ed. Si bemol: 60%

Ante a eventual imposibilidade de realización dunha proba presencial tendo en conta a situación sanitaria, arbitraránse as medidas oportunas para a realización da proba

extraordinaria empregando medios telemáticos, sendo igualmente de aplicación o deseño e avaliación da mesma referidos anteriormente.

AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES.

Avaliarase e cualificarase ao alumnado coa presente modificación da programación didáctica do curso anterior(3º G.E.), de ser o caso.

As actividades realizadas por medios telemáticos logo da declaración do estado de alarma centraranse en repasar, reforzar e recuperar aqueles aspectos da materia considerados imprescindibles tentando que o alumno sexa quen de superar a materia e evolucionar favorablemente nos vindeiros cursos.

De non contar con información obxectiva sobre actividades realizadas polo/a alumno/a logo da declaración do estado de alarma, poderase realizar unha proba alternativa por medios telemáticos (videoconferencia, envío de gravación de audio/vídeo... preferentemente por mecanismos similares aos empregados para a comunicación cón alumnado logo da declaración do estado de alarma) para efectuar a avaliación nas materias pendentes.

PROCEDIMENTO PARA A RECUPERACIÓN DA 1ª-2ª AVALIACIÓN.

O alumnado que non acadase unha avaliación positiva na 1ª e/ou 2ª avaliación poderá recuperala mediante a realización de clases por videochamada, probas e/ou envío de gravacións de audio/video que serán valoradas tendo en conta o establecido na presente modificación da programación didáctica. As actividades realizadas por medios telemáticos logo da declaración do estado de alarma centraranse en repasar, reforzar e recuperar aqueles aspectos da materia considerados imprescindibles tentando que o alumno sexa quen de superar a materia e evolucionar favorablemente nos vindeiros cursos.

De non contar con información obxectiva sobre actividades realizadas polo/a alumno/a logo da declaración do estado de alarma, poderase realizar unha proba alternativa por medios telemáticos (videoconferencia, envío de gravación de audio/vídeo... preferentemente por mecanismos similares aos empregados para a comunicación cón alumnado logo da declaración do estado de alarma) para efectuar a avaliación nas materias pendentes.

ACTIVIDADES E ENFOQUE METODOLÓXICO.

Durante o terceiro trimestre desenvolveranse actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores, tendo en conta que en ningún caso poderán minorar as cualificacións da 1^o/2^a avaliación.

Para o alumnado que non adquirise as aprendizaxes imprescindibles nos dous primeiros trimestres do curso, proporánselle actividades que lles axuden a adquirilas e a superar a materia, co obxectivo de que os alumnos e alumnas poidan continuar o seu proceso formativo.

- Clases semanais por videochamada para practicar a entonación.
- Envío e recepción por parte do alumnado de vídeos para realizar as tarefas propostas.

RECURSOS E MATERIAIS.

Teléfono móbil: (whatsapp) para o envío e recepción de tarefa semanal.

Ordenador: para envío e recepción de tarefa en formato pdf.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

- Especial atención a alumnos sen conexión a internet, adoptando as medidas necesarias para poder achegarlles o traballo e poidan seguir reforzando as obras e estudos do programa, así como realizar conexións telefónicas de acción tutorial.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.

Empregarase a comunicación por email, videoconferencia e/ou outras que permita un seguimento contínuo do alumnado e unha comunicación fluída coas familias, garantindo así a evolución e progreso do alumnado.

Cada docente informará ao seu alumnado e familias da presente adaptación da programación didáctica a través de email/videoconferencia e/ou outros mecanismos.

Logo de recepción das programacións didácticas, a dirección do centro procederá á publicación das mesmas no sitio web có fin de dar maior accesibilidade e visibilidade para toda a comunidade educativa, que igualmente será informada da citada publicación polos mecanismos referidos anteriormente.

